

# LINGUA CASTELÁ

## CRITERIOS AVALIACIÓN ESO

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das seguintes cualificacións:

a) Probas escritas: 60%

Faranse dúas probas escritas en cada trimestre, cun peso do 30% respectivamente.

b) Probas específicas das lecturas obrigatorias: 15%

Realizaranse exames escritos ou orais, traballos escritos ou exposicións orais.

c) Exposicións orais do alumnado: 10%

Exposicións de temas, debates, dramatizacións, producións audiovisuais, etc.

d) Observación sistemática: diario de clase do docente / Análise de producións individuais do alumnado: 15%

Avaliarase a través da resolución de exercicios, da elaboración de resumos, tarefas de busca de información, caderno de clase, etc.

-ORTOGRAFÍA: As probas escritas puntuaranse sobre 10 puntos, agás que o docente faga constar outra puntuación na folla do exame.

Na cualificación das probas escritas prestarase especial atención á ortografía. Así, a partir da terceira falta, se lle descontará, da nota final, 0.25 puntos por cada unha que cometa. Tres tiles

equivaldrán a unha falta. Poderanse descontar ata un máximo de 2 puntos por estes erros ortográficos en cada proba.

A cualificación final será a media das tres avaliacións trimestrais. Considerarase superada a materia cando se obteña unha puntuación, igual ou superior a 5 puntos.

Criterios de recuperación:

En caso de que o alumnado non acade unha nota igual ou superior a 5 puntos, terá que recuperar a parte ou partes que non foron superadas mediante a realización dunha proba final no mes de xuño e a entrega das actividades ou traballos pertinentes.

## **CRITERIOS AVALIACIÓN PRIMEIRO BACHARELATO**

En cada avaliación, ponderaranse :

a) Probas escritas. (75%)

b) Exposición oral (10%)

c) Proba da lectura obrigatoria (10%)

d) Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas): traballos escritos, elaboración de proxectos e exposicións.(5%)

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame de recuperación das avaliacións suspensas. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de xuño, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

## **CRITERIOS AVALIACIÓN SEGUNDO BACHARELATO**

En cada avaliación, ponderaranse :

- a) Probas escritas. (70%)
- b) Exposición oral (10%)
- c) Proba da lectura obrigatoria (10%)

d)Traballos, segundo táboas de indicadores (rúbricas): traballos escritos, elaboración de proxectos e exposicións.(10%)

Avaliación final:

O alumnado superará a materia en dous supostos:

- 1.- Ten avaliación positiva nas tres avaliacións.
- 2.- A media entre as tres avaliacións, aplicando o redondeo, é igual ou superior a 5.

A cualificación final será a media aritmética das tres avaliacións, logo de aplicar o redondeo.

Criterios de recuperación:

En caso de non ter superada a materia segundo os anteriores supostos antes da avaliación final ordinaria, esta poderá recuperarse mediante a realización dun exame de recuperación das avaliacións suspensas. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.

En caso de non superar a materia na convocatoria ordinaria, accederase a unha proba global que se realizará no mes de maio, segundo calendario establecido por xefatura de estudos. A cualificación será positiva en caso de acadar 5 ou máis puntos.